

Texto e ilustracións: **NATALIA COLOMBO**
Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 20x20 cm.
36 páxinas. Ilustracións a todo color.
Dispoñible en:

- Galego: "Cerca"
ISBN 978-84-8464-677-8
- Castelán: "Cerca"
ISBN 978-84-96388-88-8
- Catalán: "A prop". Kalandraka-Hipòtesi
ISBN 978-84-935912-7-4
- Euskera: "Hurbil". Kalandraka-Pamiela
ISBN 978-84-7681-564-9
- Portugués: "Perto". Livros para Sonhar
ISBN 978-989-8205-00-1
- Italiano: "Vicini". Libri per sognare
ISBN 978-88-95933-13-9
- Inglés: "So close". Books for dreaming
ISBN 978-84-8464-681-5

Prezo: 12 €



CERCA I PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA PARA ÁLBUMS ILUSTRADOS

O Señor Pato, como todos os días, vai ao traballo.

O Señor Coello, como todos os días, tamén vai ao traballo.

Sempre se cruzan...

"Cerca" é unha fábula sobre a incomunicación, unha reflexión poética e profunda sobre as relacións interpersonais e o individualismo, sobre os desexos e as emocións. Dende o punto de vista literario destaca pola súa sinxeleza narrativa e a engranaxe interna do relato, que plasma o paralelismo entre as accións dos protagonistas: un pato e un coello que viven pechados na súa soidade; nese sentido, a obra invita o lector a non darlles as costas aos demais, "privándose da posibilidade de compartir os momentos máis simples e felices da vida", como explica a propia autora.

A nivel estético, Natalia Colombo mestura diversas técnicas, dende a pintura con acrílicos ata o collage, ademais de deseñar unha tipografía propia. Tamén cuida o tratamento da luz e utiliza recursos visuais que lle permiten xogar cos conceptos de movemento e simetría, sen esquecer a combinación de cores, texturas e materiais, que lle imprimen estilo e carácter persoal á obra no seu conxunto.



NATALIA COLOMBO (Bos Aires, 1971)

Estudou na Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo da Universidade de Bos Aires, cidade na que reside; colabora co diario La Nación na ilustración de suplementos e participa coa súa obra en diversas exposicións. Tamén ilustrou libros de texto e álbums infantís que se publicaron en varias editoriais.

A autora obtivo con este traballo o I Premio Internacional Compostela, convocado polo Concello de Santiago e KALANDRAKA. Ao certamen presentáronse máis de 300 traballos de diversos países e o xurado escolleu "Cerca" pola relación "perfectamente trenzada" entre relato e imaxes, que "narran, flúen e evolucionan". O premio, que ten carácter anual e se fallou o 2 de abril coincidindo co Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, ten unha dotación económica de 12.000 euros.

- **Temática:** a incomunicación
- **Idade recomendada:** todas as idades
- **Aspectos destacables:** obra gañadora do I Premio Compostela de Álbums Ilustrados; tipografía especial deseñada a man pola ilustradora
- **Aplicacións:** incomunicación, relacións interpersonais, individualismo, desexos e emocións, ritmo e progresión cinematográfica, fomento da lectura, ritmo, socialización